

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15024902	CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	3º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de Ciencias da Natureza nun centro público de educación infantil e primaria, situado no centro da cidade de A Coruña, que conta cunha ampla variedade de institucións científico-culturais cun gran potencial educativo que pretendemos aproveitar de forma didáctica ao longo deste curso.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no terceiro curso da etapa, polo que conta con oito anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

Os catro bloques de contidos que forman a materia son: o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

En base a esta estruturación de contidos, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; e o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as ferramentas dixitais que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas seis unidades didácticas que conforman esta programación, a razón de dúas unidades por trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O planeta da vida.	O ser vivo e reinos da vida.	17	20	X		
2	Unha gran variedade de animais.	Funcións vitais dos animais, animais vertebrados e invertebrados e a importancia dos animais.	17	18	X		
3	A vida das plantas.	Características, nutrición, reprodución e importancia.	17	16		X	
4	A vida nos ecosistemas.	Definición, relacións de alimentación e outras relacións nos ecosistemas e os principais tipos.	16	17		X	
5	De que están feitas as cousas?	A materia que nos rodea, emprego de materiais, os cambios da materia e a enerxía.	17	18			X
6	Os ordenadores na nosa vida.	Ordenadores e tabletas, funcións dos ordenadores, internet e os seus usos, os riscos do mundo dixital.	16	16			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O planeta da vida.	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar algunha conexión sinxela entre diferentes elementos do medio natural.	PE	50
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer o medio natural e desenvolver algunha acción para protexelo.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas razoadas sobre o medio natural a través da observación.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Unha gran variedade de animais.	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar algunha característica e algunha propiedade do medio natural usando a indagación.	PE	50
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar algunha conexión sinxela entre diferentes elementos do medio natural.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer o medio natural e desenvolver algunha acción para protexelo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas razoadas sobre o medio natural a través da observación.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables.</li> <li>- Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais.</li> <li>- Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A vida das plantas.	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar algunha característica e algunha propiedade do medio natural usando a indagación.	PE	50
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar algunha conexión sinxela entre diferentes elementos do medio natural.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer o medio natural e desenvolver algunha acción para protexelo.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas razoadas sobre o medio natural a través da observación.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais.</li> <li>- Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais</li> </ul>

Contidos
- en perigo de extinción.

UD	Título da UD	Duración
4	A vida nos ecosistemas.	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar algunha característica e algunha propiedade do medio natural usando a indagación.	PE	50
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar algunha conexión sinxela entre diferentes elementos do medio natural.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer o medio natural e desenvolver algunha acción para protexelo.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas razoadas sobre o medio natural a través da observación.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada.</li> <li>- Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias.</li> <li>- Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	De que están feitas as cousas?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados facendo observacións, medicións e rexistro de datos.	PE	50
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións.		
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar algunha característica e algunha propiedade do medio natural usando a indagación.		
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía na vida diaria.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analizar algúns efectos das forzas sobre obxectos cotiás.	TI	50
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Recoñecer diferentes formas de produción de calor e os seus efectos.		
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar algún problema ecosocial e propoñer algunha solución ao mesmo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.</li> <li>- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> <li>- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.</li> <li>- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga.</li> <li>- Fontes de enerxía renovables e non renovables.</li> <li>- A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá.</li> <li>- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Os ordenadores na nosa vida.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións en máis dun formato.	PE	50
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Construír en equipo un produto final sinxelo.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presnetar o produto final dos proxectos.		
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información sobre o medio natural desde diferentes fontes.	TI	50
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar a tecnoloxía para buscar información, comunicarse e elaborar contido sinxelo.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver de forma guiada problemas sinxelas de programación.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diferentes tarefas de equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> </ul>

## Contidos

- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas?) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os piares fundamentais sobre os que se sustentará a nosa metodoloxía de aula serán os seguintes:

-A aprendizaxe construtiva e significativa. Partiremos dos coñecementos previos do alumnado que recabaremos a través da avaliación inicial da materia para contruir progresivamente sobre eles novas aprendizaxes. Á súa vez, perseguirase que este novos contidos teñan unha aplicación directa e eficaz na vida real e cotiá do alumnado de xeito que descubra, por sí mesmo, a relación entre a escola e a súa realidade.

-O enfoque globalizador e activo. Ten como obxectivo responder mellor ás necesidades da sociedade actual na que os problemas aos que terá que afrontarse o noso alumnado requiren da posta en práctica de varios saberes ao mesmo tempo e non da aplicación de coñecementos separados en coñecementos estancos.

-A interacción. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (contaminación, hábitos

saudables, uso abusivo das tecnoloxías...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

-O profesorado como mediador e guía, permitíndolle ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, así como o enfrontamento dos retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe.

-O erro como fonte de aprendizaxe, valorando as respostas alternativas do alumnado como un punto de partida cara a exploración de novas respostas máis adecuadas co coñecemento matemático certo e riguroso.

-Traballo en equipos heteroxéneos poñendo en valor a diversidade do alumnado e enriquecéndonos coas distintas formas e estilos de aprendizaxe de cada un deles.

Aplicaranse dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo e periodicamente actividades relacionadas coa valoración do funcionamento dos equipos, a rotación de cargos...

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (Santillana)
Material funxible (lápiz, goma...)
Encerado tradicional e Pizarra Dixital Interactiva
Ordenador de aula con conexión a internet
Caderno DINA4 de dobre pauta.
O medio natural da contorna para a observación
Microscopio para a observación de células
Material fotocopiable e fichas de elaboración propia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, cunha aprendizaxe científica significativa e cunha contribución adecuada ao desenvolvemento das súas competencias.

Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións sociais diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos na nosa aula en concreto. Así, a recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Polo tanto, a avaliación inicial ao comezo de curso terá as seguintes funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

De forma complementaria ao anterior, e para definir o punto de partida da materia no relativo aos contidos puramente científicos, levarase a cabo unha avaliación baseada na resolución de pequenos exercicios da área sobre contidos impartidos durante o curso anterior para valorar o grao de adquisición dos mesmos ao comezo do presente curso escolar.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

Entendendo a cualificación do traballo escolar como a tradución dos procesos de avaliación nunha expresión numérica, outórganse as seguintes ponderacións porcentuais separadas por instrumentos de avaliación:

- Proba escrita (no seu amplo sentido, abarcando: libro, caderna, fichas...): 50%
- Táboas de indicadores (nos diferentes formatos de: folla de observación, anecdotarios...): 50%

### Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte.

O anterior non impedirá poñer en práctica as oportunas medidas de reforzo educativo (RE). Este realizarase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións ou de forma conxunta, polos mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe seguindo a planificación horario ao efecto ou pola mestra ou mestre de apoio con dispoñibilidade horaria.

Con todo, ademais dos procedementos e instrumentos propios de cada unha das avaliación, corroborarase, de forma complementaria, a efectiva adquisición dos criterios de avaliación pendentes a través de:

- Observación directa e sistemática durante as tarefas de aula
- Traballos extraescolares dirixidos
- Traballos interactivos a través da Aula Virtual do centro que fagan no horario extraescolar coa colaboración das familias.

A cualificación actualizarase no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade e co obxectivo de garantir unha formación integral do alumnado, ademais da avaliación inicial, desenvolveranse as seguintes estratexias dentro da aula ordinaria:

-Adecuación da organización da aula, colocando aos alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), ou sospeitosos de telas, preto das mesas das docentes e rodeados de compañeiros que lle sirvan de axuda (a excepción do alumnado que presente unha conduta máis hiperactiva, que será situado no posto máis afastado de elementos distractores).

-Adecuación da programación incluíndo temáticas relacionadas cos intereses do alumnado para captar a súa atención e evitar as distraccións.

-Medidas de reforzo educativo como: adaptar o formato das probas escritas (tipografía máis grande, dobre entreliñado, palabras claves en negriña e pictogramas extraídos da páxina ARASAAC); dar máis tempo para facer as probas escritas; e deixar que contesten ás preguntas de desenvolvemento de forma oral.

-Comunicación cos equipos pedagóxicos internos (Equipo de Orientación) e externos ao centro que traballan con algúns dos alumnos NEAE para acordar pautas de traballo en común.

- Estratexias metodolóxicas para promover o inicio da tarefa e o traballo autónomo dirixidas ao alumno con carencias neste sentido.

- Actividades de enriquecemento curricular para o alumno con AACC baseadas nos seus centros de interese.

Ademais das medidas anteriores, que serán desenvolvidas polas titoras na aula ordinaria, o alumnado que así o precise segundo as valoracións do Departamento de Orientación, recibirá a atención dos mestres especialistas en Audición e Linguaxe e en Pedagogía Terapéutica dentro ou fora da aula segundo as necesidades de cada momento. Finalmente, o alumnado que o precise contará cunha Adaptación Curricular dos elementos prescriptivos do currículo que lle permita acadar, como o resto do seu grupo, os obxectivos establecidos de forma xeral.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Tecnoloxías da Información e a Comunicación	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde		X	X	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Estes elementos desenvolveranse de xeito transversal sen perxuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa.

Asimesmo, porase especial atención na potenciación da aprendizaxe significativa para o desenvolvemento das competencias transversais que promovan a autonomía e a reflexión.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día Mundial de la Salud	Lectura de revistas de saúde para traballar a comprensión lectora adquirindo léxico científico.			
Día Mundial do Medio Ambiente	Elaboración de propostas para coidsar e protexer o noso medio natural máis próximo que plasmaremos en cartaces a distribuir polo centro educativo.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Aprendizaxe alcanzada polo alumnado. Corroborarase que a meirande parte do alumnado, de forma cuantitativa, acadou de xeito significativo e de forma práctica, os mínimos dos criterios de avaliación recollidos e especificados na presente programación.
Medidas de atención á diversidade. Observarase que as medidas postas en práctica na aula ordinaria adecuáronse ás características, capacidades e necesidades do alumnado máis vulnerable en xeral e ao alumnado con Necesidades Específicas de Aprendizaxe en particular. Asiesmo, verificarase que ditos procesos e instrumentos deron os resultados esperados de forma satisfactoria.
Clima de traballo na aula. Mediante técnicas de recollida de información do funcionamento do grupo como estrutura social, como os sociogramas, comprobarase se entre o alumnado existen vínculos de compañeirismo e pertenza ao grupo antre eles que favorezan unha convivencia pacífica e armoniosa que propicie as aprendizaxes.
Comunicación co equipo docente. Buscarase que o intercambio de información co resto do equipo docente e o traballo colaborativo á hora de deseñar as mellores estratexias para atender ao alumnado de xeito global se faga coa maior periodicidade posible.
Relación coa familia. A través de mecanismos como o servizo de mensaxería da plataforma Abalar, o correo electrónico, as titorías, as reunións globais e as circulares informativas buscarase unha relación permanente e o máis fluida posible coas familias do noso alumnado.
Procedementos e instrumentos de avaliación. Buscarase que sexan adecuados aos criterios avaliados e, en determinados casos debidamente xustificados a través do Departamento de Orientación, adaptados ás necesidades e características do alumnado.

### Descrición:

A concreción dos indicadores de logro queda especificada arriba a continuación da enunciación de cada un deles.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel.

A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre a labor docente, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación.

No caso de que o programado na presente non se corresponda co efectivamente levado á aula, analizaremos as posibles causas para tal desaxuste e proporemos as medidas correctoras necesarias a desenvolver na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

## **9. Outros apartados**